

DITAME SOBRE O CONVENIO COLECTIVO APLICABLE AO SECTOR DE EXPORTACIÓN DE PEIXE FRESCO DO PORTO DA CORUÑA

ANTECEDENTES

Primeiro.- Don ██████████, en calidade de responsable da sección sindical e en representación da Federación de Servizos de CCOO, formula solicitude de emisión de ditame polo Observatorio Galego de Negociación Colectiva relativo ao convenio colectivo aplicable ao sector de exportación de peixe fresco do porto da Coruña.

CONSIDERACIÓNS

Primeira.- O artigo 2 do Convenio Colectivo do sector de exportación de peixe fresco do porto da Coruña establece como período de vixencia o comprendido entre o 1 de xaneiro de 2002 e o 31 de decembro de 2005, Independentemente da data da súa publicación no BOP. Non consta a este Observatorio a existencia de pactos entre as partes asinantes que prorroguen a vixencia do devandito convenio.

Segunda.- O artigo 3 do mesmo convenio indica expresamente que este se extinguirá o 31 de decembro de 2005 sen necesidade de denuncia previa.

Tercera.- En data 8 de abril de 2014, a Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos (CCNCC) emitiu o ditame nº 123/2013 en relación cunha consulta sobre as empresas que viñeran aplicando o devandito convenio. Neste ditame, a CCNCC establece que, desaparecido o convenio específico de exportación de peixe fresco, o convenio de ámbito funcional superior aplicable sería:

- Ben un convenio de nivel territorial superior (autonómico ou estatal) específico para o comercio maiorista de pescados e mariscos, se existise.
- Ou, na súa ausencia, un convenio de ámbito funcional máis amplo que comprenda o comercio de alimentación en xeral, incluíndo o comercio de peixe e marisco como produtos alimenticios.

No caso concreto da provincia da Coruña, a CCNCC sinala como aplicable o Convenio Colectivo provincial do Comercio de Alimentación, por comprender de maneira xenérica a actividade de comercio maiorista e minorista de produtos alimentarios.

Cuarta.- O Convenio Colectivo de Comercio de Alimentación da provincia da Coruña 2022–2025 recolle, no seu ámbito funcional, todas as empresas dedicadas ao comercio de alimentación, incluíndo establecementos comerciais abertos ao público ou virtuais, así como empresas almacenistas e detallistas. Afecta, igualmente, a todas as persoas traballadoras que presten servizo nas devanditas empresas.

CONCLUSIÓN

A vista das consideracións anteriores e, en particular, da Interpretación emitida pola CCNOC, o convenio colectivo aplicable ao sector de exportación de peixe fresco do porto da Coruña é o Convenio Colectivo de Comercio de Alimentación da provincia da Coruña 2022-2025.

Este resulta ser o convenio de ámbito funcional superior aplicable ás empresas que desenvolven a actividade de comercio ao por maior e exportación de peixe e mariscos, unha vez extinguida a vixencia do Convenio Colectivo específico para o sector, publicado no BOP de 27 de novembro de 2003.



Agenda de Abastos, 24 Batas
Tfno: 981 541 801 / 2
Fax: 981 541 810
<http://xugl.gal>
presidencia.xgl@xunta.gal



RESPONSABLE DA SECCIÓN SINDICAL E EN REPRESENTACIÓN DA FEDERACIÓN DE SERVICIOS DE CCOO

ASUNTO: Remisión de ditame emitido polo Observatorio da Negociación Colectiva

En relación coa solicitude de ditame remitida por D. , en calidade de responsable da sección sindical e en representación da Federación de Servizos de CCOO, achégase ditame emitido polo Observatorio da Negociación Colectiva na súa xuntanza do 10 de xuño de 2025.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2025.

A secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais

Firmado digitalmente por





Fecha: 2025.06.11 11:00:17
+02'00'